



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se abre o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto do recurso específico POLIQUETOS, modalidade a pé, mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das confrarías de pescadores de Corme, Camelle, Laxe, Malpica

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027. (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico poliquetos (PE410A 2024/62-1), modalidade a pé, mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores de Corme, Camelle, Laxe e Malpica (en diante o plan de xestión) estableceuse un número máximo de 10 embarcacións con 21 persoas mergulladoras habilitadas con dereito a cota para o trienio 2025-2027 e un número máximo de tres (3) habilitacións por embarcación.

Na actualidade o número de embarcacións con poliquetos no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 9 e 16 persoas mergulladoras con dereito a cota.

2. O 13.05.2026 a Confraría de pescadores de Corme, como representante do plan de xestión, enviou un escrito no que solicita que *se inicien os trámites oportunos aos efectos da cobertura de vacantes ata o número máximo de participantes do plan, ao abeiro do Plan de Xestión Conxunto do recurso específico POLIQUETOS na modalidade de mergullo, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica aprobado para o trienio 2025-2027 solicitando a tramitación preferente da coberturas das habilitacións para as embarcacións xa incluídas no plan de xestión.*

3. O 18.05.2026 esta dirección territorial comunicou á entidade representante do plan de xestión a posibilidade de ofertar 3 cotas de captura ás embarcacións integrantes da Lista de incremento de cotas das embarcacións integrantes do plan e posteriormente a convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de poliquetos a 1 embarcación con 2 cotas de captura. O mesmo día a Confraría de pescadores de Corme, como

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal





representante do plan de xestión mostrou a súa conformidade á dita proposta.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, o departamento territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

3. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) do baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Abrir o prazo de presentación solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos, modalidade a pé, mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores de Corme, Camelle, Laxe e Malpica, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.





Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores da Corme, como entidade representante do plan de xestión, así como ás confrarías de pescadores de Caión, Laxe e Malpica como entidade integrante do plan de xestión conxunto, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
P.A. (Resolución do 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)





ANEXO A

Bases da convocatoria.

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión conxunto da para o recurso específico poliquetos, modalidade a pé, mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores de Corme, Camelle, Laxe e Malpica de conformidade co establecido no plan de xestión para o trienio 2025-2027.

1.2. Requisitos das embarcacións.

Para poder inscribirse na lista para o incremento do número de cotas de captura, as embarcacións deberán estar incluídas no plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos, modalidade a pé, mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de pescadores de Corme, Camelle, Laxe e Malpica de conformidade co establecido no plan de xestión para o trienio 2025-2027.

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que as persoas traballadoras autónomas, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais do indicado no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste xeito, as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica e dirixiranse ao departamento territorial da Coruña, empregando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) mediante o procedemento PE401M.

O prazo para a presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Confrarías de Corme, Camelle, Laxe e Malpica.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.





A solicitude, asinada pola persoa ou persoas titulares do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

1.3.1 Documentación mínima para a admisión da solicitude:

- Para acreditar a personalidade na presentación da solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2.) No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

No caso de ser titular do permiso de explotación por cesión, deberán tamén dar a súa conformidade a persoa ou persoas propietarias da embarcación e acreditar a personalidade seguindo os puntos anteriores.

1.3.2 Outra documentación:

a) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria ou copia dixitalizada do documento orixinal.

b) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van a valorar de acordo ao baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Para os efectos de computar os méritos establecidos só se valorarán os obtidos ata a data de publicación da resolución da apertura do prazo de presentación de solicitudes para a elaboración das listas. Así,

b.1) Embarcacións que só teñan unha cota de captura no plan de xestión:

A información relativa a este epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.





b.2.) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación

- a) No caso de que a persoa solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolada como mergullador/a nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recurso específico poliquetos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria, deberá presentar unha certificación da capitanía marítima dos enroles da persoa solicitante nos dous anos anteriores á data da convocatoria.

b.3) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.

Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación.

Para a valoración deste epígrafe, a persoa solicitante deberá presentar certificación da capitanía marítima que recolla os seguintes aspectos no ano natural anterior á data da convocatoria:

- a) despachos da embarcación.
- b) tripulación enrolada na embarcación con nome e apelidos e períodos de embarque.

A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

c) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación (certificado de conformidade).

1.4. Emenda da solicitude

Logo de rematar o prazo de presentación de instancias, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que nun prazo de dez (10) días hábiles, a emenden, con indicación de que, se así non o fixesen, teránselles por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

A notificación das emendas das solicitudes realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada.

Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das confrarías de pescadores participantes no plan de xestión.





A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Publicidade das listas

2.1. O departamento territorial procederá á baremación das solicitudes e fará pública no seu taboleiro de anuncios e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, a lista provisional das puntuacións por cada unha das embarcacións admitidas así coma as embarcacións excluídas e a causa da súa exclusión.

A lista tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das confrarías de pescadores participantes no plan de xestión.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións admitidas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionada, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar ante o departamento territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

As embarcacións e persoas excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a dirección territorial ditará a resolución e publicará a lista aberta para o incremento de número de cotas no permiso de explotación das embarcacións incluídas no plan de xestión. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

Contra a resolución que aprobe a lista aberta para o incremento de número de cotas no permiso de explotación das embarcacións incluídas no plan de xestión, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día ao da súa publicación na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da





Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Emprego da lista

3.1. Cando o número de cotas sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión aprobado, sen ter en conta as que correspondan o outorgamento da modalidade a embarcacións non incluídas no plan ou cando neste se aprobe un aumento de esforzo pesqueiro mediante o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións que xa están incluídas no plan, o departamento territorial empregará a lista elaborada para o incremento de cotas.

3.2. O emprego da lista polo departamento territorial poderá realizarse previa petición da entidade titular do plan de xestión, sen prexuízo de que de non facelo, poda realizarse de oficio.

3.3. O departamento territorial comunicará as persoas armadoras das embarcacións integrantes da lista que poden beneficiarse do incremento de cotas e concederá un prazo de 15 días hábiles para presentar a seguinte documentación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.

3.4. No caso de que unha embarcación seleccionada non acepte todas a/s cota/s ofertada/s, estas pasaran a ser ofertadas ás seguintes embarcacións da lista por orde de puntuación e no caso de que estas figuren empatadas, de ser necesario, previamente á oferta de cotas o empate resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.

As persoas que non acepten os incrementos ofertados durante dúas veces consecutivas sen causa xustificada non recibirán unha nova oferta durante un prazo de doce (12) meses.

No caso de renunciaren aos incrementos ofertados durante tres (3) veces consecutivas sen causa xustificada, perderán os seus dereitos e a embarcación quedará excluída da lista por un período de dezoito (18) meses, podendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido o dito prazo.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela





se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2, entenderase que desisten da súa solicitude.

4. Novas solicitudes de inscrición e actualización de méritos de embarcacións xa inscritas na lista

4.1. A lista permanecerá aberta permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición de acordo co establecido nas bases desta convocatoria.

4.2. As persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que levará á correspondente modificación da puntuación, de ser o caso.

As solicitudes de actualización polas persoas armadoras das embarcacións realizaranse no mes de xaneiro segundo o indicado no apartado 1.3, achegando a esta a documentación que acredite os méritos establecidos no baremo que desexen actualizar.

A actualización dos méritos será efectuada anualmente polo departamento territorial no primeiro cuadrimestre de cada ano.

4.3. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha solicitude de acordo co establecido no punto 4.1.

